

## EXPLICACIÓN DAS ACTIVIDADES

### A MÚSICA DAS ÁRBORES

Garciano Zoqueiro, trasniño e gaitero, descubriu que as árbores facían música. Cando o vento move as pólas nace unha sinfonía, unha orquestación. Cando a chuva cae nas follas soa un violín, unha gaita, unha zanfona, cada vez que unha treboada fai danzar os freixos ármase un espectáculo de ballet.

Mais Graciano Zoqueiro, trasniño e gaitero, descubriu tamén que con cada un dos incendios forestais, cos lumes, coas talas, desaparecían os sons, cantigas, danzas, a música dos bosques. Por iso foi quen de chamar ao Bardo Abelardo para que lle axudase a salvar a música das árbores.

Público: Familiar

Día 15 de xullo

11:30, na carballeira de Teis

20:00, ao carón do palco exterior, Castrelos

Día 29 de xullo

11:30, praza da Lagoa, Navia

20:00, rúa Londres, detrás do museo Marco

### FÁBULAS

Un conto sempre ten necesidade de ser compartido; por iso nace “Conta comigo, conto contigo”.

Todas e todos podemos vernos cara a cara para contar e vivir os contos. Imaxinades unha xuntanza de corvos vellos? Cheos de experiencias que contar, case nunca falan de si mesmos; pero moito lles gusta falar dos outros animais.

Público: Infantil

Día 6 de xullo

20:00, praza da Independencia

Día 8 de xullo

20:00, praza de Digau Navia

Día 26 de agosto

20:00, rúa Londres, detrás do museo Marco

### NAS NUBES

Que ben se está nas nubes! Viaxaremos coa imaxinación na procura de contos que se agochan por todas partes. Exploraremos lugares perdidos habitados por seres misteriosos e descoñecidos. Pechade os ollos, alá imos...

Público: Familiar

Día 13 de xullo

20:00, praza da De Digao, Navia

Día 20 de xullo  
20:00, praza da Independencia  
Día 1 de Agosto  
20:00, diante do mercado do Calvario

### **PEPIÑA MARUXIÑA QUERE VOAR**

Pepiña Maruxiña emprende unha aventura polo xardín á procura dunhas ás. Polo camiño coñecerá diferentes animais que a axudarán a cumprir os seus desexos de voar. Baseado na tradición popular de cantarlle ás xoaniñas para protexelas, pero tamén para que emprendan o voo, para preguntarlles polo tempo atmosférico, para coñecer con quen vas casar, para que faga bo tempo e boas colleitas...

Público: Infantil

Día 29 de agosto  
20:00, diante do mercado do Calvario  
Día 31 de agosto  
20:00, praza da Independencia  
Día 2 de setembro  
20:00, praza da Lagoa, Navia

### **CONTOS SOÑADOS**

Con esta actividade, Miguel achéganos un mundo cheo de fermosas historias baixo a premisa de que os contos non hai que contalos, hai que vivilos.

Público: Familiar (a partir de 4 anos)

Día 5 de agosto  
20:00, praza da De Digao, Navia  
Día 8 de agosto  
20:00, diante do mercado do Calvario  
Día 22 de agosto  
20:00, A Miñoa

### **CONTOS PA POTA**

Así como a comida enche a nosa barriga, os contos enchen a nosa imaxinación. Ao redor da pota imos cociñar historias deixándonos levar polo fogón.

Público: Familiar (a partir de 4 anos)

Día 11 de xullo  
20:00, A Miñoa  
Día 18 de xullo  
20:00, diante do mercado do Calvario

Día 22 de xullo  
20:00, praza da Lagoa, Navia  
Día 27 de xullo  
20:00, alameda de Bouzas  
Día 3 de agosto  
20:00, ao carón do palco exterior de Castrelos  
Día 24 de agosto  
20:00, praza da Independencia